

PRESTACIÓN DE **MATERNIDADE-PATERNIDADE**

Por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

INSTRUCCIÓNS PARA COMPLETAR A SOLICITUDE

(Empregando este formulario poden solicitar ámbolos dous proxenitores todas as prestacións derivadas dun mesmo nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou tutela)

1. **DATOS PERSOAIS.-** Completarase cos datos de identificación persoal e de residencia permanente do/s solicitante/s.

Se a petición non se formula en nome propio, senón a través doutra persoa, cumprimentarase o apartado 1.3 DO REPRESENTANTE LEGAL, indicando o tipo de representación e a quen representa.

2. **MOTIVO DA SOLICITUDE.-** Indicaranse todas as prestacións que se van solicitar, seleccionando a casa correspondente e cumprimentando as datas e datos que se solicitan en cada unha delas.

No apartado 2.1 MATERNIDADE POR NACEMENTO, é importante indicar se a nai vai ceder parte do descanso ó outro proxenitor, porque esta opción hai que realizala ó comezo do descanso. En caso afirmativo, cumprimentarase o modelo de opción incluído neste formulario (folla 5)

No apartado 2.1 MATERNIDADE POR XESTACIÓN POR SUBSTITUCIÓN debe indicar se vai compartir o descanso co outro proxenitor. En caso afirmativo, cumprimentarase o modelo de acordo entre os proxenitores incluído neste formulario (folla 5).

3. **DATOS COMÚNS PARA O TRÁMITE DE ÁMBALAS DÚAS PRESTACIÓNS.-** Dos datos consignados neste apartado depende a duración das prestacións solicitadas, polo que é importante achegar a maior información posible.

SE SOLICITA O DESCANSO POR PATERNIDADE e compartiu ou vai compartir o descanso por maternidade co outro proxenitor, debe indicar os períodos que corresponderon a cada un dos proxenitores. Estes datos son importantes para determinar o período durante o que pode exercer o seu dereito a gozar do descanso por paternidade.

SE É TRABALLADOR POR CONTA PROPIA, indique se vai gozar do descanso por maternidade e/ou paternidade a tempo parcial, do 50 por 100, xa que esta opción só pode realizarse ó solicitar as prestacións.

SE É EMPREGADO PÚBLICO, indique se lle é de aplicación o Estatuto Básico do Empregado Público ou o Estatuto dos Traballadores. Esta información é importante para determinar a data de goce e o período de descanso por paternidade que lle corresponde.

Dos **DATOS REFERENTES Á UNIDADE FAMILIAR** vai depender a duración dos períodos de descanso por maternidade e/ou paternidade.

4. **OUTROS DATOS.-** No apartado DATOS FISCAIS debe indicar a provincia onde ten establecida a súa residencia fiscal (máis de 180 días ó ano), xa que o tratamento de retencións a conta por IRPF pode ser diferente.

Se o desexa, pode solicitar tipo de retención voluntaria por IRPF.

A declaración do resto de datos fiscais é voluntaria e sobre a base da mesma se practicarán as retencións sobre rendementos do traballo. Para iso debe completar o modelo 145 da Axencia Tributaria: comunicación de datos ó pagador (que atopará en www.seg-social.es) e presentalo con esta solicitude.

A elección de **LINGUA COOFICIAL** só terá efectos nas Comunidades Autónomas que a teñan recoñecida.

O ENDEREZO DE COMUNICACIÓNS a efectos legais só debe indicarse cando haxa que envialas a un enderezo distinto do habitual, incluídas as comunicacións oficiais nas que se pidan actuacións en prazos determinados, e deberá ser outro domicilio do solicitante tanto se se presenta polo interesado como por graduado social, xestor administrativo ou outro apoderado. Poderá indicarse o domicilio do titor se se solicita a través de este.

A **INFORMACIÓN TELEMÁTICA** só debe completarse se desexa recibir información por estes medios.

5. **ALEGACIÓNS.-** Se quere engadir algo que considere importante para tramitar a súa prestación e non vexa recollido nesta solicitude, pónao neste apartado da maneira máis breve e concisa posible.

6. **MODALIDADE DE COBRO DA PRESTACIÓN.-** Indique a opción elixida para o cobro da prestación.

Debe indicar o IBAN, que é o equivalente ó seu número internacional de conta bancaria. Pode atopalo nos recibos e comunicacións que lle envía o seu banco ou caixa de aforros. No seu defecto, complete as casas correspondentes ó “código conta cliente” (CCC).

Folla n.º 5 OPCIÓN/ACORDO DE DESCANSO COMPARTIDO POR MATERNIDADE. Cando ámbolos dous proxenitores traballen e reúnan os requisitos para gozalo, completarase o **apartado 1 en caso de nacemento**, se a nai vai ceder parte do descanso e, no seu caso, o subsidio especial por parto múltiple ó outro proxenitor, ou o **apartado 2, do acordo entre ambos proxenitores, en caso de nacemento por xestación por substitución, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.**



MATERNIDADE - PATERNIDADE

(Por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento)

Antes de comezar a completar a solicitude, lea detidamente todos os apartados e as instrucións sobre cada un deles.

Debe imprimir un único exemplar e presentalo á Dirección Provincial ou Local.

·
·

DATOS A COMPLETAR PARA ÁMBALAS DÚAS PRESTACIÓNS

1. DATOS PERSOAIS

1.1	DUN PROXENITOR (A)										
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
Data de nacemento		Sexo ☐ Home ☐ Muller		DNI-NIE-Pasaporte		N.º da Seguridade Social		Nacionalidade			
Enderezo (rúa, praza...)				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Teléfono móbil	Teléfono fixo	
Código postal		Localidade				Provincia					
1.2	DO OUTRO PROXENITOR (B)										
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
Data de nacemento		Sexo ☐ Home ☐ Muller		DNI-NIE-Pasaporte		N.º da Seguridade Social		Nacionalidade			
Enderezo (rúa, praza...)				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Teléfono móbil	Teléfono fixo	
Código postal		Localidade				Provincia					
1.3	DO REPRESENTANTE LEGAL, que actúa como										
Titor ☐ Titor institucional ☐ Graduado social ☐ Xestor administrativo ☐ Outros apoderados ☐											
En nome de: PROXENITOR (A) ☐ PROXENITOR (B) ☐ AMBOS PROXENITORES ☐											
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome		DNI-NIE-Pasaporte	
Enderezo (rúa, praza...)				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Teléfono móbil	Teléfono fixo	
Código postal		Localidade				Provincia					

2. MOTIVO DA SOLICITUDE

2.1	MATERNIDADE POR:		NACEMENTO (1) ☐		XESTACIÓN POR SUBSTITUCIÓN (2) ☐	
Data de comezo do descanso		Data probable do parto		Data do parto		
Número de fillos nados		¿O fillo ten discapacidade? SI ☐ NON ☐		Número de fillos con discapacidade		
¿Vai ceder parte do descanso por maternidade ó outro proxenitor? (1) SI ☐ NON ☐		¿Vai compartir o descanso co outro proxenitor? (2) SI ☐ NON ☐				
(1) e (2) En caso afirmativo, en calquera dos dous casos, debe completarse a folia número 5 desta solicitude indicando o período de descanso de ámbolos dous proxenitores.						

Apelidos e nome do proxenitor (A):	DNI-NIE-Pasaporte	②
Apelidos e nome do proxenitor (B):	DNI-NIE-Pasaporte	

2.2	MATERNIDADE POR: ADOPCIÓN ☐ GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN ☐ ACOLLEMENTO ☐ TUTELA ☐		
¿Compartida co outro proxenitor? SI ☐ NON ☐ Número de menores adoptados/gardados/acollidos/tutelados			
¿O menor ten discapacidade? SI ☐ NON ☐ Número de menores con discapacidade			
NACIONAL ☐ Data da resolución xudicial Data da resolución administrativa ou xudicial			
INTERNACIONAL ☐ Con desprazamento previo: Data do desprazamento Data probable da adopción/garda/acollemento			
Sen desprazamento previo: Data da resolución xudicial Data da resolución administrativa ou xudicial			
2.3	PATERNIDADE POR NACEMENTO		
Data do comezo do descanso (1) Data do parto Número de fillos nados			
Discapacidade do fillo SI ☐ NON ☐			
2.4	PATERNIDADE POR: ADOPCIÓN ☐ GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN ☐ ACOLLEMENTO ☐ TUTELA ☐		
Data do comezo do descanso (1) Data da resolución xudicial Data da resolución administrativa ou xudicial			
Número de menores adoptados/gardados/acollidos/tutelados ¿O fillo ten discapacidade? SI ☐ NON ☐			

3. DATOS COMÚNS PARA O TRÁMITE DE ÁMBALAS DÚAS PRESTACIÓNS

3.1	SE SOLICITA O DESCANSO POR PATERNIDADE		
¿Compartiu ou vai compartir o descanso por maternidade co outro proxenitor? SI ☐ NON ☐			
En caso afirmativo, indique o período de maternidade que lle correspondeu a vostede: desde ata			
DATOS IDENTIFICATIVOS DO OUTRO PROXENITOR (só se non constan no apartado 1)			
Primeiro apelido		Segundo apelido	Nome DNI-NIE-Pasaporte
3.2	SE É TRABALLADOR POR CONTA PROPIA		
¿Vai gozar do descanso a tempo parcial? PROXENITOR (A) SI ☐ NON ☐ PROXENITOR (B) SI ☐ NON ☐			
3.3	SE É EMPREGADO PÚBLICO , indique a norma que lle é de aplicación para o goce do descanso:		
O Estatuto Básico do Empregado Público PROXENITOR (A) SI ☐ NON ☐ PROXENITOR (B) SI ☐ NON ☐			
O Estatuto dos Traballadores PROXENITOR (A) SI ☐ NON ☐ PROXENITOR (B) SI ☐ NON ☐			
3.4	DATOS DA UNIDADE FAMILIAR		
Familia monoparental (2) SI ☐ NON ☐			
Familia numerosa SI ☐ NON ☐ Data de expedición do título Data de vencemento			
Se non ten título, ¿solicitouno? SI ☐ NON ☐ Data da solicitude			
¿Hai algún fillo con discapacidade? SI ☐ NON ☐ Ten certificado de discapacidade? SI ☐ NON ☐ Grao recoñecido %			
Se non ten certificado, indique a data en que o solicitou			
¿Ten discapacidade a nai? SI ☐ NON ☐ Grao recoñecido % ¿Ten discapacidade o outro proxenitor? SI ☐ NON ☐ Grao recoñecido %			

(1) Para a prestación de paternidade por nacemento, a data de comezo do descanso sempre será posterior ós días de permiso retribuído ós que teña dereito o/a traballador/a, agás para os empregados públicos ós que lles sexa de aplicación o EBEP, que será a partir da data do parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou noutro momento, se así o prevé a lexislación aplicable no seu caso.

(2) Considéranse familias monoparentais aquelas nas que exista un só proxenitor.

Apelidos e nome do proxenitor (A):

DNI-NIE-Pasaporte

Apelidos e nome do proxenitor (B):

DNI-NIE-Pasaporte

3

4. OUTROS DATOS

4.1	PROXENITOR (A)									
4.1.1 DATOS FISCAIS										
Residencia fiscal: Provincia										
Tipo voluntario de retención por IRPF %										
Se a súa residencia fiscal está en TERRITORIO FORAL, a efectos de retención por IRPF desexa que se lle aplique:										
Táboa xeral ☐ Número de fillos Táboa de pensionistas ☐										
4.1.2 LINGUA COOFICIAL na que desexa recibir a súa correspondencia										
4.1.3 ENDEREZO DE COMUNICACIÓNS A EFECTOS LEGAIS (só se é distinto do indicado no apartado 1)										
Enderezo (rúa, praza...)					Número	Bloque	Escalera	Piso	Porta	Teléfono de contacto
Código postal	Localidade		Provincia		País			Apdo. de correos		
4.1.4 INFORMACIÓN TELEMÁTICA										
¿DESEXA recibir información por SMS? SI ☐ NON ☐										
SE DESEXA recibir información por correo electrónico, indíquenos o seu enderezo										
4.2	PROXENITOR (B)									
4.2.1 DATOS FISCAIS										
Residencia fiscal: Provincia										
Tipo voluntario de retención por IRPF %										
Se a súa residencia fiscal está en TERRITORIO FORAL, a efectos de retención por IRPF desexa que se lle aplique:										
Táboa xeral ☐ Número de fillos Táboa de pensionistas ☐										
4.2.2 LINGUA COOFICIAL na que desexa recibir a súa correspondencia										
4.2.3 ENDEREZO DE COMUNICACIÓNS A EFECTOS LEGAIS (só se é distinto do indicado no apartado 1)										
Enderezo (rúa, praza...)					Número	Bloque	Escalera	Piso	Porta	Teléfono de contacto
Código postal	Localidade		Provincia		País			Apdo. de correos		
4.2.4 INFORMACIÓN TELEMÁTICA										
¿DESEXA recibir información por SMS? SI ☐ NON ☐										
SE DESEXA recibir información por correo electrónico, indíquenos o seu enderezo										

20170630
8-013 (MP-1) gall

5. ALEGACIONES

Apellidos e nome do proxenitor (A):	DNI-NIE-Pasaporte
Apellidos e nome do proxenitor (B):	DNI-NIE-Pasaporte

6. MODALIDADE DE COBRO DA PRESTACIÓN

6.1	PROXENITOR (A)														
EN VENTÁ ☐ EN CONTA/LIBRETA ☐ Código IBAN <table><tr><td rowspan="2">CÓDIGO PAÍS</td><td colspan="4">CCC</td></tr><tr><td>ENTIDADE</td><td>OFICINA/SUCURSAL</td><td>DÍX. CONTROL</td><td>NÚMERO DE CONTA</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>		CÓDIGO PAÍS	CCC				ENTIDADE	OFICINA/SUCURSAL	DÍX. CONTROL	NÚMERO DE CONTA					
CÓDIGO PAÍS	CCC														
	ENTIDADE	OFICINA/SUCURSAL	DÍX. CONTROL	NÚMERO DE CONTA											
6.2	PROXENITOR (B)														
EN VENTÁ ☐ EN CONTA/LIBRETA ☐ Código IBAN <table><tr><td rowspan="2">CÓDIGO PAÍS</td><td colspan="4">CCC</td></tr><tr><td>ENTIDADE</td><td>OFICINA/SUCURSAL</td><td>DÍX. CONTROL</td><td>NÚMERO DE CONTA</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>		CÓDIGO PAÍS	CCC				ENTIDADE	OFICINA/SUCURSAL	DÍX. CONTROL	NÚMERO DE CONTA					
CÓDIGO PAÍS	CCC														
	ENTIDADE	OFICINA/SUCURSAL	DÍX. CONTROL	NÚMERO DE CONTA											

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que consigno na presente solicitude, que subscribo para que se me recoñeza a prestación de maternidade e/ou paternidade manifestando que quedo informado da obriga de comunicar ó Instituto Social da Mariña calquera variación dos mesmos que puidese producirse mentres perciba a prestación.

MANIFESTO, o meu consentimento para a consulta dos datos de identificación persoal, a través do Servizo de Verificación de Datos de Identidade; os datos de enderezo, a través do Servizo de Verificación de Datos de Residencia; os que figuran no Rexistro Civil; a verificación e cotexo dos datos económicos declarados cos de carácter tributario presentes na Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos termos establecidos na O.M. 18-11-99 (BOE do día 30), ou en calquera outro Organismo que tivese atribuída a competencia sobre eles, así como para a consulta ou obtención de copia de datos sobre a valoración de discapacidade, custodiados polos Servizos Sociais de carácter público. Todos estes accesos informáticos realizaranse, en todo caso, con garantía de confidencialidade e ós exclusivos efectos desta solicitude.

..... , a de del 20

Sinatura dos proxenitores

Asinado:

Asinado:

20170630

8-013 (MP-1) gall



Rexistro ISM

Apelidos	
e nome do proxenitor (A):	DNI-NIE-Pasaporte
Apelidos	
e nome do proxenitor (B):	DNI-NIE-Pasaporte

OPCIÓN DA NAI, CEDENDO PARTE DO DESCANSO DE MATERNIDADE por nacemento, A PROL DO OUTRO PROXENITOR (1)

1. DATOS DA NAI			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI-NIE-Pasaporte
Data de comezo do descanso			Asinado,
Data de finalización		Data da opción	
En caso de parto múltiple, ¿cede o subsidio especial ó outro proxenitor? (2) SI ☐ NON ☐			
2. DATOS DO OUTRO PROXENITOR			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI-NIE-Pasaporte
Data de comezo do descanso			Asinado,
Data de finalización		ACEPTO a opción exercitada ó meu favor ☐	

- (1) Sempre que ámbolos dous proxenitores traballen, o outro proxenitor poderá percibir o subsidio por maternidade sempre e cando a nai, ó comezar o período de descanso por maternidade, optase por que aquel goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ó parto, ben de maneira simultánea ou sucesiva co da nai.
- (2) A nai poderá ceder o subsidio especial por parto múltiple ó outro proxenitor, sempre que este goce dun período de descanso de seis semanas inmediatamente seguintes ó parto.

ACORDO DOS PROXENITORES SOBRE O GOCE DO DESCANSO DE MATERNIDADE, por xestación por substitución, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (3)

1. DATOS DO PROXENITOR (A)			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI-NIE-Pasaporte
Data de comezo do descanso Data de finalización En caso de que sexan múltiples o nacemento por xestación por substitución/adopción/garda con fins de adopción/acollemento, ¿vai ser o beneficiario do subsidio especial? (4) SI ☐ NON ☐			Asinado,
OPTO por compartir o descanso ☐			RENUNCIO a compartir o descanso ☐
2. DATOS DO PROXENITOR (B)			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI-NIE-Pasaporte
Data de comezo do descanso Data de finalización En caso de que sexan múltiples o nacemento por xestación por substitución/adopción/garda con fins de adopción/acollemento, ¿vai ser o beneficiario do subsidio especial? (4) SI ☐ NON ☐			Asinado,
OPTO por compartir o descanso ☐			RENUNCIO a compartir o descanso ☐

- (3) En caso de que ámbolos dous proxenitores traballen, o período de suspensión distribuirase a opción dos interesados, que poderán gozalo de maneira simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos e cos límites sinalados.
- (4) A efectos do recoñecemento do subsidio especial, terá a condición de beneficiario quen, á súa vez, o sexa da prestación económica por maternidade, sempre que goce dun período de descanso de seis semanas inmediatamente seguintes ó nacemento por xestación por substitución, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples. O dito subsidio unicamente poderá percibirse por un dos proxenitores, gardadores ou acolledores, que se determinará por acordo dos interesados.



A COMPLETAR POLA ADMINISTRACIÓN

Clave de identificación do seu expediente:

Funcionario de contacto:

Apellidos e nome do proxenitor (A):

DNI-NIE-Pasaporte

Apellidos e nome do proxenitor (B):

DNI-NIE-Pasaporte

6

SOLICITUDE DE PRESTACIÓN DE

☐ MATERNIDADE

☐ PATERNIDADE

DOCUMENTOS QUE SE LLE REQUIREN⁽¹⁾ NA DATA DE RECEPCIÓN DA SOLICITUDE POLO ISM:

- 1 ☐ DNI, pasaporte ou equivalente, NIE.
- 2 ☐ Certificado de empresa.
- 3 ☐ Título de familia numerosa.
- 4 ☐ Autónomos: declaración situación de actividad.
- 5 ☐ "Informe de maternidade" do Servizo Público de Saúde.
- 6 ☐ Libro de familia cando non conste no Rexistro Civil.
- 7 ☐ Certificado de discapacidade do proxenitor.
- 8 ☐ Certificado ou informe médico sobre a discapacidade do menor.
- 9 ☐ Opción do goce do descanso por maternidade, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, a prol do outro proxenitor/adoptante/gardador/acolledor.
- 10 ☐ Adopción internacional: certificado que xustifique a necesidade do desprazamento previo dos proxenitores ó país de orixe do adoptado.
- 11 ☐ "Resolución xudicial" pola que se constituía a adopción ou "decisión administrativa ou xudicial" de garda con fins de adopción ou acollemento.
- 12 ☐ Non inscrita na Oficina Consular Española: visado de entrada a prol do menor expedido na Oficina Consular Española e documento acreditativo de ter comezados os trámites da adopción ou inscrición no Rexistro Civil Central.
- 13 ☐ Acordo empresario-traballador/a sobre o goce do descanso a tempo parcial dun ou ámbolos dous proxenitores.
- 14 ☐ Outros documentos.

.....
.....

Recibín

Sinatura

(1) A documentación deberá presentala en calquera dependencia desta Dirección Provincial, persoalmente ou por correo, no prazo de dez días contados desde o seguinte á data na que se lle requirise.

DOCUMENTOS NON NECESARIOS PARA O TRÁMITE, QUE ACHEGA VOLUNTARIAMENTE O SOLICITANTE:

- 1
- 2
- 3
- 4

Recibín os documentos requiridos agás os

números:

Sinatura

Cargo e nome do funcionario

Data Lugar

DILIXENCIA DE COMPULSA: Á vista dos seguintes documentos orixinais e en vigor:

.....

Expídese a presente dilixencia de verificación para facer constar que os datos reflectidos neste formulario coinciden fielmente cos que aparecen nos documentos orixinais achegados ou exhibidos polo solicitante.

Sinatura

Cargo e nome do funcionario

Data Lugar

Esta solicitude vai ser tramitada por medios informáticos. Os datos persoais que figuran nela serán incorporados a un ficheiro creado pola Orde TAS/4231/2006 do 26 de decembro (BOE 17-1-2007) para o cálculo, control e revalorización da prestación que se lle recoñeza, e permanecerán baixo custodia da Dirección do Instituto Social da Mariña. En calquera momento pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os datos incorporados ó mesmo ante a Dirección Provincial do ISM (art. 5 da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. BOE do día 14).

PRESTACIÓN DE **MATERNIDADE-PATERNIDADE**

Por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

DOCUMENTOS NECESARIOS PARA O TRÁMITE DE ÁMBALAS DÚAS PRESTACIÓNS (*)

(Orixinal acompañado de copia para a súa compulsa ou fotocopia xa compulsada, agás para os documentos de identidade nos que será abondo a exhibición do orixinal)

1. EN TODOS OS CASOS

- Acreditación de identidade dos solicitantes, e do representante legal se o houberse, mediante a seguinte documentación en vigor:
 - Españóis: Documento nacional de identidade (DNI).
 - Estranxeiros: Pasaporte ou, no seu caso, documento de identidade vixente no seu país e NIE (Número de Identificación de Estranxeiro) esixido pola AEAT a efectos do pagamento.
- Documentación acreditativa da representación legal, no seu caso.
- Traballadores por conta allea: certificado da empresa no que conste a data de comezo da suspensión laboral por maternidade/paternidade, se o dito certificado non foi enviado pola empresa a través do Sistema RED.

2. EN CASO DE MATERNIDADE

2.1 *por nacemento:*

- O **informe de maternidade**, expedido polo correspondente Servizo Público de Saúde, nos seguintes casos:
 - Cando a traballadora comece o descanso con anterioridade á data do parto.
 - Cando se produza o pasamento do fillo, trala permanencia no seo materno durante, cando menos, cento oitenta días.
- O **libro de familia** ou, no seu defecto, a certificación da inscrición do fillo, cando estes datos non consten automatizados no Rexistro Civil. Se o descanso comezou con anterioridade ó parto, presentárase unha vez practicada a inscrición rexistral do fillo.
- Se a nai **cede parte do descanso ó outro proxenitor, débese presentar completada a folla n.º 5 deste formulario. Ademais, se é funcionaria e non está incluída no Réxime Xeral da Seguridade Social**, achegarase un certificado expedido pola unidade de persoal do seu centro de traballo, indicando a situación administrativa na que se atopa e o período de licenza por maternidade que lle corresponde.
- Se a nai **exerce unha actividade profesional que non dea lugar a alta no sistema da Seguridade Social** e pertence a unha mutualidade ou colexio profesional, presentárase un certificado no que conste que, con motivo do parto, non percibiu unha prestación ou indemnización, calquera que sexa a súa duración, contía, configuración ou réxime.

2.2 *por xestación por substitución:*

- **Inscrición da filiación do nacido no Rexistro Civil español a prol do proxenitor ou proxenitores comitentes(1).**
ou
- **inscrición da filiación do fillo no Rexistro civil español, a prol do comitente(1) e da nai biolóxica**, en cuxo caso deberán aportar ademais a documentación que seguidamente se indica, así como a **tradución oficial** dos documentos:
 - Documento público debidamente legalizado no que conste a renuncia expresa da nai biolóxica ó exercicio da patria potestade sobre o menor, así como que a dita renuncia non é contraria ó ordenamento xurídico do país de orixe do fillo.
 - No caso de que este último extremo non constase expresamente no documento público, o interesado deberá acreditar que a dita renuncia non é contraria ó ordenamento xurídico do país de orixe do fillo. A dita acreditación debe levarse a cabo mediante aseveración ou informe dun Notario ou Cónsul español ou de Diplomático, Cónsul ou funcionario competente do país da lexislación que sexa aplicable. En caso de aseveración ou informe de Diplomático, Cónsul ou funcionario competente do país da lexislación que sexa aplicable, ademais da correspondente legalización debe presentarse tradución oficial do dito documento.

2.3 *por adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou tutela:*

- A **resolución xudicial** pola que se constitúe a adopción ou tutela, ou ben a **resolución administrativa ou xudicial** pola que se concede a garda con fins de adopción ou o acollemento familiar, tanto permanente como temporal, sempre que, neste último caso, a súa duración non sexa inferior a un ano. No caso de acollemento temporal estimárase válida a comunicación do organismo das comunidade autónomas que o regulen.
- Cando se trate de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento de menores, maiores de seis anos, **se os menores teñen discapacidade**, deberán presentar certificación do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso) ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva, acreditativa de que o menor adoptado, gardado con fins de adopción ou acollido presenta un grao de discapacidade igual ou superior ó 33 por 100, ou certificación da entidade pública competente en materia de protección de menores, acreditativa de que o adoptado, gardado con fins de adopción ou acollido, polas súas circunstancias persoais ou por provir do estranxeiro, ten especiais dificultades de inserción social ou familiar.
- No seu caso, o **libro de familia** ou, no seu defecto, a certificación da inscrición do fillo ou fillos, cando estes datos non consten automatizados no Rexistro Civil.
- No caso de que ámbolos dous proxenitores traballen, o período de suspensión distribuírase a opción dos interesados, que poderán gozalo de maneira simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos. Para iso deben completar a folla n.º 5 desta solicitude.

(1) O comitente é, neste caso, a persoa que confía a outra a xestación do seu fillo.



PRESTACIÓN DE **MATERNIDADE-PATERNIDADE**

Por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

2.3.1 *adopción, garda con fins de adopción ou acollemento internacionais:*

- Cando sexa necesario o **desprazamento previo dos proxenitores ó país de orixe do adoptado**, achegarse a documentación emitida polo órgano competente da comunidade autónoma, na que se xustifique o comezo dos trámites para a adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.
- Adopción constituída nun estado estranxeiro e inscrita na oficina consular española: Xustificante da inscrición rexistral ou o documento no que se acredite a constitución da adopción e o seu rexistro.
- Adopción, e tutela coa finalidade de adopción, constituída nun estado estranxeiro non inscrita en España.
 - Resolución administrativa ou xudicial que acredite a constitución da adopción ou a tutela.
 - Visado a prol do menor expedido pola oficina consular española.
 - Certificado, resolución ou declaración de idoneidade do adoptante, expedido pola autoridade competente española.
 - Documento no que polo solicitante se acredite ter comezados os trámites conducentes á constitución en España da adopción ou, no seu caso, á inscrición da adopción no Rexistro Civil.

3. EN CASO DE PATERNIDADE

3.1 *por nacemento:*

- O libro de familia ou, no seu defecto, a certificación da inscrición do fillo ou fillos, cando estes datos non consten automatizados no Rexistro Civil.

3.2 *por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento:*

- **A resolución xudicial** pola que se constitúe a adopción ou tutela, ou ben a resolución administrativa ou xudicial pola que se concede a garda con fins de adopción ou o acollemento familiar, tanto permanente como temporal, sempre que, neste último caso, a súa duración non sexa inferior a un ano. No caso de acollemento temporal estimarase válida a comunicación do organismo das comunidades autónomas que o regulen.

4. OUTRA DOCUMENTACIÓN

- 4.1** En caso de discapacidade/dependencia dos solicitantes e os fillos: Certificado de discapacidade, con recoñecemento do grao igual ou superior ó 33% (agás para a ampliación da maternidade non contributiva, que será un grao igual ou superior ó 65%) emitido polo Imerso ou órgano competente da comunidade autónoma.

Nos supostos de discapacidade dos fillos, menores gardados con fins de adopción ou acollidos, menores de tres anos, deberá presentarse certificación do Imerso ou órgano da comunidade autónoma respectiva, acreditativa de que a discapacidade é igual ou superior ó 33 por 100, ou de que a valoración do grao e nivel de dependencia é, cando menos, do grao I moderado, conforme á escala de valoración específica para menores de tres anos. Cando o grao de discapacidade non fose determinado, tratándose de neonatos, será abondo cun informe do Servizo Público de Saúde ou un informe médico dun hospital público ou privado, neste último caso avalado polo Servizo Público de Saúde, no que se faga constar a discapacidade ou a súa posible existencia.

- 4.2** **En caso de familias numerosas:** Título de familia numerosa ou xustificante de telo solicitado.

- 4.3** **A familia monoparental** quedará acreditada se consta no libro de familia un só proxenitor. Se constan dous proxenitores, achegarse o certificado de defunción ou a resolución xudicial na que se declare o abandono da familia do outro proxenitor.

- 4.4** **En caso de internamento hospitalario do neonato a continuación do parto**, que dea lugar á ampliación do período de descanso, documento expedido polo centro hospitalario acreditativo da dita hospitalización, no que se especifiquen as circunstancias que afectan ó neonato e determinan o dito internamento, así como as datas do seu comezo e finalización.

- 4.5** **En caso de goce do descanso en réxime de xornada a tempo parcial:**

- Para traballadores por conta allea, documento que acredite o acordo empresario-traballador sobre goce do descanso por maternidade/paternidade en réxime de xornada parcial.
- Para traballadores por conta propia, documento acreditativo do interesado no que se recollan os termos nos que se realizará o réxime de parcialidade da actividade.

- 4.6** **Os traballadores fixos discontinuos** que non perciban prestacións por desemprego de nivel contributivo: Documento polo que se acredite esta condición para os nacementos, adopcións, gardas con fins de adopción ou acollementos producidos no período entre campañas sen prexuízo da devindicación da prestación cando se produza o reinicio da actividade.

- 4.7** **Se está percibindo a prestación de incapacidade temporal, en pagamento directo dunha Mutua colaboradora coa Seguridade Social**, achegará un certificado desta entidade, con indicación do cálculo da base reguladora e a data de finalización do subsidio.

- 4.8** **Se está percibindo prestación de desemprego:** Certificado coa data de suspensión da prestación.

- 4.9** Os traballadores do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (agás os incluídos no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios e dos traballadores economicamente dependentes) presentarán unha declaración de situación de actividade, se llelo solicita a entidade xestora.

(*) Se os documentos foron emitidos por organismos estranxeiros, será necesario que cumpran cos requisitos de legalización para ser válidos en España.

PRESTACIÓN DE **MATERNIDADE-PATERNIDADE**

Por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

O INSTITUTO SOCIAL DA MARÍÑA INFORMA:

De acordo co artigo único do Real Decreto 286/2003, de 7 de marzo (BOE do 8 de abril), o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento iniciado é de 30 días contados desde a data na que a súa solicitude foi rexistrada nesta Dirección Provincial ou, no seu caso, desde que aporte os documentos requiridos.

Transcorrido o dito prazo sen recibir notificación coa resolución desta solicitude, poderá entender que a súa petición foi desestimada por aplicación de silencio negativo e solicitar que se dite resolución, tendo esta solicitude valor de reclamación previa de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE do día 11).

Se esta solicitude non vai acompañada dos documentos necesarios para a súa tramitación, deberá presentalos en calquera dependencia desta Dirección Provincial, persoalmente ou por correo, no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel no que se lle notificase o seu requirimento.

O incumprimento do prazo sinalado terá os seguintes efectos:

- Documentos de identificación dos solicitantes e, no seu caso, do representante legal, así como acreditación da representación legal: entenderase que desiste da súa petición, de acordo co previsto nos arts. 66 e 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (BOE do 2-10-2015).
- Resto de documentos: o seu expediente tramitarase sen ter en conta as circunstancias ás que se refiren por non seren probadas, de acordo co art. 77 da citada Lei 39/2015 ou, no seu caso, considerárase que non acreditou suficientemente os requisitos necesarios para causar ou calcular a prestación solicitada, de acordo co establecido no Real Decreto 295/2009, de 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do Sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural (BOE do 21-3-2009).

Se, polo contrario, os presenta no tempo requirido, o prazo máximo para resolver e notificar a súa prestación comezará a partir da data de recepción deses documentos.

LEMBRE:

Se se produce algunha variación nos datos desta solicitude, tanto no referente á súa situación laboral (cesamento no traballo, inicio de actividade laboral a tempo parcial, etc.) como ó seu domicilio, mentres está vixente a prestación, debe vostede comunicalo á Dirección Provincial ou Local deste Instituto máis próximo ó seu domicilio.

Se vai enviar por correo postal esta solicitude, pode achegar a documentación solicitada mediante fotocopia da mesma debidamente compulsada por funcionario público autorizado para iso.